



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Aprobación definitiva da Ordenanza de convivencia e medio ambiente do Concello de Boiro

En virtude de Decreto ditado por esta Alcaldía-Presidencia no día de hoxe foi elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión de data 18 DE XULLO DE 2013 relativo á aprobación inicial do EXPEDIENTE DA ORDENANZA DE CONVIVENCIA E MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE BOIRO toda vez que, rematado o prazo de 30 días hábiles de exposición pública do expediente, non foron presentadas reclamacións ao expediente, motivo polo que, de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, se procede á publicación íntegra do Regulamento xeral do servizo municipal de subministración de auga potable do Concello de Boiro.

ORDENANZA DE CONVIVENCIA E MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE BOIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incumprimento das normas básicas de convivencia é fonte de conflitos e os cidadáns esixen aos poderes públicos, especialmente aos que lles son máis próximos, regulacións cada vez máis detalladas e medidas activas de mediación e, cando proceda, de sanción, para resolvelos.

Este é o obxectivo fundamental desta Ordenanza de Convivencia e Medio Ambiente do Concello de Boiro, establecer patróns de conduta e convivencia, que axuden a resolver conflitos, e non un afán desmesurado por regular a súa vida. Precisamente, con esta Ordenanza, o Concello, como a Administración máis próxima aos cidadáns, pretende dar resposta á reclamación dos veciños que piden normas que eviten conflitos persoais e os sitúen nun ámbito máis obxectivo.

Por esa razón, a Ordenanza aborda os aspectos que veñen xerando con reiteración problemas entre os veciños: como as normas básicas de convivencia; o coidado e a protección dos espazos públicos e do mobiliario urbano, con especial atención á limpeza dos espazos públicos, o uso das zonas verdes e a convivencia nas praias.

Boiro consta de rúas, edificios, parques, praias e prazas, ordenados para que sexan disfrutados polos cidadáns, son estas persoas os que sustenta e dan forma o concello, tanto para o uso dos elementos como para o desenvolvemento das relacións de coexistencia entre os veciños.

A finalidade desta ordenanza é acadar a mellora o comportamento cívico e a convivencia nos espazos públicos, lugares destinados a ser disfrutados por todos, e finalmente ir construíndo un Boiro mellor tanto para os que habitan ou visitan.

Establécense unhas directrices de comportamento cívico que permiten o desenrolo da liberdade de cada un dos cidadáns, establecéndose un límite esencial, o respecto polos outros. Trátase de inculcar á cidadanía unhas pautas conductuais de preservación patrimonio urbano e natural, como o do resto dos bens, para que todos xuntos, garantamos a convivencia cidadá en harmonía e paz.

As persoas teñen o dereito de utilizar espazos públicos, e deben ser respectados na súa liberdade. Este dereito, que debe ser exercido con civismo, está limitado polas disposicións que regulan a uso dos bens públicos e polo deber de respectalas persoas e bens.

Ninguén pode, co seu comportamento, menosprezar ou prexudicar dos dereitos das demais persoas, ou a súa liberdade de acción, ou atacar os valores, ou ofender as crenzas e normas convivencia.

Os comportamentos vandálicos, aínda que son minoritarios, ademais de danos materiais que poden ocasionar, representan un ataque contra a convivencia, unha actitude de falta de solidariedade e dunha falta de respecto á maioría dos cidadáns que civicamente asumen os dereitos e deberes derivados da súa condición. Ademais, os comportamentos incívicos obrigan a gastar grandes sumas de diñeiro público, diñeiro de todos, de limpeza, mantemento, reparación e reposición; gastos, que debería ter outro destino.

Certamente, parte das raíces destes fenómenos son complexas e van moito máis alá do ámbito puramente local, xa que teñen que ver con problemas sociais, familiares e de educación que exceden das competencias locais, inda que, paradoxicamente, son as mais afectadas polas súas consecuencias.

Título Preliminar. Disposicións Xerais

Artigo 1.- Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación, no termo municipal de Boiro, das seguintes actividades:

- a) A limpeza das vías e espazos de dominio e uso público no termo municipal.
- b) A recollida de residuos sólidos urbanos e o seu tratamento.
- c) As actividades de propaganda e publicidade en espazos públicos.
- d) As normas a seguir para hixiene e mantemento de praias.
- e) O uso das zonas verdes.

Artigo 2.- Réxime xurídico.

1. Para o non previsto na presente ordenanza, serán de aplicación as normas estatais e autonómicas referidas aos residuos, á limpeza e ao medio ambiente, ou a calquera outra materia recollida na presente ordenanza.

2. Rexerán, para todo o especificamente previsto nelas, as ordenanzas municipais que estean ou poidan ser aprobadas sobre materias relacionadas coas contempladas na presente ordenanza.

LIBRO I.- DA LIMPEZA VIARIA

Título I. Limpeza e ornato das vías, espazos públicos e inmobles en xeral

Capítulo 1.- Limpeza da vía pública

Artigo 3.-Concepto de vía pública

1. Considérase como vía pública, aos efectos das obrigacións de limpeza, conservación e mantemento municipais, os espazos de uso público tales como camiños, rúas, avenidas, calzadas, beirarrúas, prazas, paseos e zonas peonís, parques, xardíns, praias, pontes, túneles, pasarelas, soares e demais zonas cuxa conservación e policía sexan de titularidade ou competencia municipal.

2. Os espazos públicos e elementos ao servizo do cidadá situados na vía pública que non sexan de responsabilidade municipal, deberán ser obxecto de limpeza, conservación e mantemento por parte dos seus titulares dos mesmos, salvo o disposto ao respecto nos oportunos acordos ou convenios de colaboración.

Artigo 4.- Obrigas xenéricas de limpeza

1. A limpeza das vías e espazos de dominio e uso público local corresponderá ao Concello, constituíndo un servizo público municipal que se prestará a través de calquera dos modos de xestión establecidos na lexislación vixente.

2. A limpeza das rúas e solares de dominio privado deberá efectuarse polos seus propietarios seguindo a Ordenanza de seguridade, salubridade, hixiene, limpeza e ornato de parcelas, solares e edificacións do Concello de Boiro. No caso no que a propiedade non cumpra debidamente con esta obrigación, previa orde de execución, a limpeza será efectuada polo servizo municipal correspondente, e dita propiedade estará obrigada a pagar o importe dos servizos prestados, acorde ao establecido na Ordenanza reguladora dos dereitos e Taxas correspondentes.

3. A limpeza das vías e espazos libres de titularidade doutras Administracións Públicas corresponderá aos seus titulares.

Artigo 5.- Usos da vía pública

1. A sucidade da vía pública producida como consecuencia dos usos comúns especiais e privativos será responsabilidade dos seus titulares

2. Nas novas urbanizacións non se realizarán os servizos que comprende a limpeza viaria, así como de conservación e mantemento, mentres non se acredite a obtención da correspondente licenza de primeira ocupación ou, se é o caso, da correspondente acta de recepción de urbanización. Ata que non se acrediten os mencionados documentos, a limpeza, mantemento e conservación correrá por conta do titular da licenza.

Artigo 6.- Uso das papeleiras. Obrigas e prohibicións

1. Prohíbese arroxar á vía pública todo tipo de residuo, como cabichas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e quixese desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizará as papeleiras instaladas para tal fin.

2. Prohíbese, así mesmo, botar calquera tipo de residuos dende vehículos en marcha ou parados.

3. Prohíbese depositar cigarros ou obxectos prendidos en papeleiras ou contenedores.

4. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, envorcalas ou arrincalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso a que están destinadas. Así mesmo a realización de inscricións ou pintadas, a colocación de carteis ou adhesivos, estará totalmente prohibida en calquera das forma que poida presentarse.

5. A instalación, mantemento e reposición das papeleiras será realizada pola administración municipal ou mediante concesión administrativa por unha empresa privada.

6. Os danos causados nas papeleiras ou colectores que supoñan a necesidade da súa reposición, serán sufragados polos que ocasionaran o estrago, sen prexuízo das sancións reflectidas na presente ordenanza.

Artigo 7.- Uso dos espazos públicos operacións prohibidas

Queda prohibido realizar calquera actividade que poida ensuciar as vías e espazos libres públicos e de forma especial:

- a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles o aceite e outros líquidos nos espazos públicos.
- b) Manipular ou seleccionar os desperdicios ou residuos sólidos urbanos das papeleiras ou colectores de lixo, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases. Tamén se prohibe o depósito de residuos domésticos nos recipientes situados nas rúas e que estean destinados exclusivamente a recoller os residuos procedentes da limpeza viaria.
- c) Sacudir ou limpar prendas, alfombras ou similares nas vías e espazos públicos ou sobre as mesmas (dende xanelas, balcóns, terrazas, etc).
- d) Instalar tendais e tender roupa nas fachadas dos inmobles que dean ás vías ou espazos públicos. Exceptúanse aquelas vivendas que, pola súa antigüidade ou características singulares non dispoñan de espazos interiores para tal fin, polo que poderán facer uso da fachada entre ás 22:00 e as 08:00 horas/, sen que en ningún caso se poida tender a unha altura que perturbe o paso dos viandantes e sempre que non se produzan molestias, tales como as derivadas do goteo da auga ou similares.
- e) Regar nos balcóns e ventás cando ocasionen danos ou molestias a outros veciños. En caso contrario o horario para o rego será entre as 6:00 e as 8:00, pola mañá, e entre as 23:00 e a 1:00 pola noite.
- f) Acceder ás fontes públicas e bañarse nas mesmas así como nos estanques dos parques e arroxar calquera tipo de obxecto ou produto aos mesmos.
- g) Prohíbese o estacionamento de vehículos en zonas onde estean ubicados contenedores e que impidan o acceso aos mesmos, por parte do servizo de limpeza.
- h) Arrancar ou resgar aqueles carteis ou pancartas colocados en lugares autorizados polo concello ou calquera outro organismo publico.
- i) Dar de comer aos animais nos espazos públicos, tanto domésticos coma salvaxes.
- j) Ensuciar á vía pública como consecuencia da tenza de animais.
- k) Verter xofre ou calquera outra sustancia química á vía pública coa intención de evitar que os animais fagan as súas necesidades.
- l) Pasear, amosar ou liberar nos espazos públicos animais, tanto salvaxes como exóticos, que podan producir medo ou pánico os viandantes, así como fuxir e provocar unha alteración no equilibrio biolóxico e na fauna autóctona.

Capítulo 2.- Limpeza das vías públicas como consecuencia de actividades diversas

Artigo 10.- Realización de actividades na vía pública

Con carácter xeral, todas as actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexan o lugar onde se desenvolvan e, sen prexuízo das licenza ou autorizacións procedentes, esixirán a quen as desenvolve a adopción das medidas necesarias para evitala, así como a limpeza da vía ou parte dela que se vise afectada.

1. Concluída a carga e descarga de calquera vehículo respectando as normas que para cada vehículo se establecen, limparanse as beirarrúas e calzadas que foran ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos. Están obrigados ao cumprimento deste precepto, os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou predios en que se fixera a carga e descarga.

2. Este precepto tamén é aplicable aos espazos reservados para os establecemento de camións e autocares de alugueiro, sendo responsábeis da infracción os seus propietarios.

Artigo 11.- Obras e transporte de terras e materiais de construción

1. As persoas que realicen obras na vía pública deberán adoptar as medidas necesarias de protección para evitar o deterioro desta, a sucidade, ou os danos a persoas ou bens. Para iso colocarán valos ou outros elementos de protección, especialmente para a carga e descarga de materiais.

2. En especial, as superficies inmediatas de foxos, canalizacións e conexións realizadas na vía pública, deberán manter-se limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas, deberán protexerse, en todo caso, segundo determina o apartado anterior. No caso de rúas peonís ou onde o pavimento poda sufrir o paso de camións ou os apoios da grúa ou pluma deberán de protexerse con pranchas de aceiro ou madeira da resistencia suficiente para non danar o pavimento, mentres duren as operacións.

3. A carga e descarga de materiais de obra e de produtos de derruba, deberá realizarse mediante tubos ou canalizacións de características axeitadas para impedir que se emporque a vía pública e que se causen danos ás persoas e ás cousas.

4. Queda prohibido depositar na vía pública, non acotada para a obra, todo tipo de materiais, incluídas terras, areas, gravas ou calquera elemento mecánico de contención ou escavación no expresamente autorizado.

A utilización de colectores para obras requirirá da correspondente licenza municipal.

5. O titular da licenza de obra, construtor ou contratista, promotor ou propietario de calquera obra, e as empresas propietarias dos colectores se estes estivesen na vía pública, serán responsábeis solidarios da falta de limpeza desta ou da parte que se ensucie como consecuencia das obras e de retirar os materiais vertidos. Debe procederse ao cumprimento desta obrigación diariamente e unha vez finalizada calquera operación de carga, descarga, saída ou entrada de vehículos ao lugar da obra.

Ase mesmo, serán responsábeis, xunto cos condutores, de asegurar a carga que se transporte nos vehículos e de proceder á limpeza de rodas ou de calquera parte do vehículo susceptible de producir sucidade na vía pública.

6. O transporte de materiais que poidan producir ou ensuciar a vía pública farase cubrindo a carga. Deberanse, ase-made, adoptar as medidas necesarias para evitar que estes materiais se depositen na vía. A carga de materiais non debe exceder os extremos superiores da caixa do camiión nin se poderán utilizar suplementos adicionais para aumentar a capacidade da carga dos vehículos. Prohíbese o transporte de formigón con vehículo formigoneira sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o seu vertido na vía pública.

Queda así mesmo, prohibida a circulación de vehículos de transporte de mercadorías se as condicións xerais non garanten que non se produza a perda de parte da carga no seu tránsito polo termo municipal. Desta obriga é responsable o condutor do vehículo e, subsidiariamente o propietario do mesmo se hai relación de dependencia laboral co anterior, estando obrigados á limpeza da vía pública afectada e a reparación dos danos causados, sen prexuízo das sancións correspondentes.

Artigo 12.- Limpeza de escaparates, toldos e demais elementos de establecementos comerciais

A limpeza de escaparates, toldos, portas, marquesiñas e demais elementos exteriores de establecementos comerciais efectuarase entre as 19:00 e as 10:00 horas do día seguinte, agás os venres pola tarde, sábados e domingos en que non se poderá realizar. Deberanse adoptar as medidas de seguridade necesarias para evitar a sucidade da vía pública. Se non é posíbel evitalo, procederase á limpeza da vía pública ou da parte desta que se ensuciase, sen prexuízo da obriga de solicitar as autorizacións pertinentes naqueles casos en que sexa necesaria a ocupación da vía pública ou do voo sobre esta. Será responsábel das obrigas contidas neste artigo o titular da actividade.

Artigo 13.- Uso das vías públicas para actividades hostaleiras

1. Quen estea ao fronte de quioscos ou postos autorizados nas vías ou espazos públicos ou desenvolva calquera outra ocupación ou actividade da mesma, ben sexa de xeito illado ou en mercadiños, está obrigado a manter limpo o espazo no que se desenvolva o seu cometido e as proximidades durante o horario en que realice a súa actividade e a deixalo no mesmo estado de limpeza unha vez finalizada esta. O incumprimento deste artigo poderá dar lugar á revogación da correspondente licenza, previa audiencia do interesado.

2. A mesma obriga incumbe aos donos de cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espazo libre público, que se ocupe con veladores, cadeiras, etc. Así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras, etc, no momento do peche do establecemento. Os donos ou responsables de locais públicos tales como pubs, bares, discotecas, restaurantes ou análogos no momento do peche do establecemento deberán retirar da vía pública situada nas inmediacións do mesmo calquera residuo derivado da actividade desempeñada, incluíndo cristais, calquera tipo de envases, etc.

3. De non se cumprir estas obrigas, o servizo municipal procederá á súa recollida e transporte imputando o custe destas prestacións á persoa interesada, independentemente das responsabilidades que caiban.

4. En todo caso, está absolutamente prohibido que os usuarios dos establecementos de hostalería consuman os produtos neles servidos na vía pública, salvo no caso que exista autorización para dispor dunha terraza ou velador na vía pública. Neste caso, os envases ou recipientes, así como os vasos ou análogos, non poderán ser levados fora do recinto delimitativo da terraza, salvo nas operacións propias do persoal do establecemento para servir ou retirar consumicións.

5. Queda terminantemente prohibido consumir bebidas na vía pública se non é nos recintos autorizados anteriormente citados, así coma portar vasos ou recipientes que non se atopen debidamente embalados ou recollidos dentro de bolsas ou outros envases que eviten a súa caída á vía pública. É responsabilidade do establecemento de hostalería evitar que os envases ou vasos das bebidas saían do seu establecemento sen a debida embalaxe cando non dispoña de terraza ou velador autorizado, así como os que se sirvan nas terrazas saían do recinto destas.

6. Quedan exceptuadas da prohibición contida nos parágrafos 4 e 5 do presente artigo e as actividades autorizadas polo Concello de Boiro, tales como concertos, romarías e demais festas populares, sempre que as actividades se realicen dentro dos recintos ou os seus lugares e nas datas de celebración debidamente autorizadas.

7. Non está permitido abandonar vasos, botellas ou toda clase de recipientes de líquidos na vía pública, se non é nos colectores axeitados ao material de que estean realizados.

Artigo 14.- Necesidades fisiolóxicas

1. Prohíbese satisfacer necesidades fisiolóxicas en calquera espazo públicos, agás nos lugares habilitados ó efecto.

2. Será circunstancia agravante a realización da conduta descrita no apartado anterior cando se leve a cabo en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentado por menores ou cando se faga en monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.

Artigo 15.- Uso das vías públicas para mercados e feiras

Os titulares da autorización municipal para o exercicio de actividades na vía pública tales como mercados, feiras de diversa índole, circos, etc, deberán velar en todo momento para que o espazo público en que desenvolven a súa actividade e o seu contorno próximo nun radio mínimo de vinte metros non se ensucien e os seus elementos urbanos ou arquitectónicos non se deteriores, quedando obrigados, se é o caso, a correspondente reparación, reposición, limpeza, etc.

Deberán constituír unha fianza en metálico ou un aval bancario para responder deste incumprimento. Se o custo fose superior á fianza esixida, o titular da autorización deberá abonar a diferenza.

Capítulo 3.- limpeza de edificacións e soares

Artigo 16.- Limpeza de elementos das edificacións. Obrigas e prohibicións

1. É obriga das comunidades de propietarios, cando se trate de elementos comúns ou obrigas colectivas, ou subsidiariamente, cada un dos propietarios ou propietarias do inmovible, e, cando non se trate de réximes de propiedade horizontal ou común, corresponde ao propietario, ou, no seu caso, a quen habite os inmobles, ou quen figure coma titular deste nos rexistros municipais segundo os datos que consten no Catastro, cumprir as prescricións previstas nesta Ordenanza.

2. Os obrigados deberán manter as edificacións nas debidas condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade, limpeza e ornato público. Así, entre outras, deberán manter limpas as fachadas, os rótulos que nomean as rúas, os rótulos de numeración, as medianeiras descubertas, os portais e toda clase de entradas, as escaleiras de acceso e toda parte do inmovible que sexa visible desde a vía pública, e procederán ao seu pintado, remoción ou lavado, para manter as condicións de debido ornato da edificación.

3. Os propietarios dos baixos libres deberán rematalos debidamente con ladrillo ou bloque, enfuscado e pintado, así mesmo, o acceso deberá ter un mínimo de decoro, e non están permitidas as portas de obra.

4. Queda expresamente prohibido que as persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, tiren ás beirarrúas ou á calzada os restos ou restrollos que barran dos interiores. Igualmente queda prohibido baldear con auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores á vía pública.

5. Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros de calquera produto resultante da limpeza urbana.

6. É obriga das persoas anteriormente sinaladas a realización das labores de mantemento e limpeza, labores que poderán ser ordenadas pola autoridade municipal cando se estime oportuno por motivos de ornato ou seguridade pública. Serán preciso, en todo caso, informe previo dos servizos técnicos municipais competentes para poder levar a cabo os devanditos labores.

7. É, igualmente, obrigado, manter nas debidas condicións de limpeza e salubridade os depósitos, conducións de toda clase de fluídos ou gases, antenas de todo tipo, patios, e calquera outra instalación complementaria dos inmobles.

8. Nos supostos recollidos nos apartados precedentes, previo trámite de audiencia aos interesados, o Concello requirirá que, no prazo que se lles sinala, realicen as obras ou operacións necesarias para o restablecemento das condicións esixibles.

9. O incumprimento do ordenado determinará que, pola falta de limpeza e decoro nos elementos ou partes exteriores do inmovible, se incoe expediente sancionador con imposición de multa pecuniaria, de conformidade co previsto nesta ordenanza e na lexislación urbanística vixente.

Capítulo 3.- Uso das vías públicas en operacións publicitarias

Artigo 17.- Folletos, Valos Publicitarios, Pancartas, vehículos publicitarios, pintadas.

1. Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos, así como deixar papeis de propaganda na vía pública ou nas fachadas, a no ser nos lugares habilitados expresamente para tal fin.

2. Terán a consideración de acto independente, para os efectos de sanción, as actuacións separadas no tempo ou no espazo contrarias ao establecido no número anterior, e serán responsables das infraccións aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e, no seu defecto e salvo proba do contrario, aquelas en cuxo favor se faga esta publicidade.

3. A colocación de balos publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos requirirá en todo caso autorización e non se permitirá a colocación de elementos publicitarios en:

- b) Espazos libres públicos e elementos de mobiliario urbano.
- c) Postes de iluminación, semáforos e sinais de tráfico
- d) Muros, valos e cercas, a excepción de lugares habilitados para tal fin.

4. A colocación de pancartas soamente se autorizará:

- En período de eleccións, de conformidade coa normativa electoral, e nos lugares expresamente habilitados a tal fin, podendo habilitarse a estes efectos con causa xustificada, os lugares exceptuados con carácter xeral no parágrafo anterior.

- En período de festas populares ou tradicións.

- En eventos culturais ou deportivos de especial interese.

- En situacións que expresamente se sinalen polo Concello, por razóns de interese público debidamente motivado.

Deberan ser retiradas nos 10 días seguintes ao do vencemento do prazo para o que foron autorizadas.

5. Os propietarios ou titulares de inmobles, monumentos, bens protexidos normativamente ou catalogados, quioscos, etc, coidarán, en cumprimento da obriga establecida, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

6. Non se permitirá a fixación de carteis ou a execución de inscricións directamente sobre edificios, muros ou outros elementos similares.

7. Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados para este obxecto, sempre que estean amparados pola perceptiva autorización ou licenza.

8. Prohíbese a realización de toda clase de pintadas na vía pública; tanto sobre os seus elementos estruturais (beirarrúas, calzadas, mobiliario urbano) como sobre os muros ou fachadas dos edificios.

Quedan excluídas desta prohibición as pintadas ou murais artísticos que se realicen sobre valados dos soares, medianeiras, etc., que sexan autorizadas polo Concello.

9. Queda prohibido aparcar carriños ou vehículos (incluíndo turismos e furgonetas) con valos publicitarios en terreos públicos, salvo os expresamente autorizados coa correspondente licenza municipal. En todo caso non se permitirá o seu estacionamento na vía pública, no mesmo lugar, por un período superior a 48 horas.

Artigo 18.- Actos de propaganda electoral e outros

1. Durante os períodos electorais e aqueloutros de xeral participación cidadá, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Boiro adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

2. Para os efectos das sancións a que houberse lugar en relación a este artigo serán responsables o Presidente Local ou cargo de máxima responsabilidade do Partido na localidade e, se tratase de Eleccións Locais, o Cabeza de Lista do Partido ou da Agrupación que se presente.

3. O Concello, en exemplo do cumprimento desta Ordenanza, respectará na difusión dos seus Bandos e Carteis os puntos anteriores.

Título II. De protección de zonas verdes

Artigo 19.- Definición de zonas verdes.

1. Para os efectos desta Ordenanza considéranse zonas verdes os espazos destinados á plantación de arborado e xardinería conforme ás determinacións dos plans de ordenación urbana.

2. En todo caso, serán considerados como zonas verdes, para os efectos desta Ordenanza, as prazas e pequenos xardíns viarios, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas.

Artigo 20.- Implantación de novas zonas verdes

1. As novas zonas verdes axustaranse na súa localización ao establecido nos Plans de Ordenación Urbana, e nas súas instalacións ás normas específicas sobre normalización de elementos construtivos.

2. As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais como a vexetación orixinal existente, cursos de auga ou zonas húmidas, configuracións topográficas do terreo e calquera outro que conforme as características ecolóxicas da zona; e que sirvan de soporte aos novos podendo converterse, en casos específicos, en condicionantes principais do deseño.

3. Estas zonas deberán cumprir as seguintes normas:

a) Respetaranse todos os elementos vexetais aos que fai referencia o artigo anterior.

b) Elixiranse vexetais autóctonos compatibles co clima local.

c) Non se empregarán especies que nese momento sexan declaradas expostas a pragas e enfermidades con carácter crónico e que como consecuencia poidan ser focos de infección.

4. As plantas que se utilicen deberán encontrarse en perfecto estado sanitario, sen golpes nin machacaduras que poidan resultar infectadas. O seu tamaño deberá ser o adecuado para o desenvolvemento óptimo do vexetal, sen desequilibrios orgánicos que provoquen enfermidades no mesmo ou volcos por debilidade do sistema reticular.

5. Cando as árbores haxan estar preto das edificacións elixiranse aquelas que non poidan producir polo seu tamaño ou porte, unha perda de iluminación ou soleamento naqueles, danos nas infraestruturas ou levantamento de pavimentos ou beirarrúas. Para este efecto establécese como norma de obrigado cumprimento a separación mínima de edificios, instalacións e medianeiras de 2 metros para o caso de árbores e de 0,50 metros para o resto das plantas.

6. En calquera caso, os promotores poderán formular consultas aos Servizos Municipais relacionados coa implantación de zonas verdes.

Artigo 21.- Traballos en zonas verdes

1. Todos os traballos en árbores públicos, realizados por empresas concesionarias, deberán estar baixo o control dos técnicos municipais encargados da materia, por medio de especificacións escritas, licencias e inspeccións.

2. As redes de servizos (eléctrica, telefónica, de saneamento, distribución de auga, etc) que haxan atravesar as zonas verdes, deberán facelo de forma subterránea, debidamente canalizadas e sinalizadas.

3. As redes de servizos públicos non poderán usarse en ningún caso, para interese ou finalidade privada. De forma especial prohibese o uso de auga da rede municipal de rego para xardíns privados.

Artigo 22. Conservación de zonas verdes

1. Todos os propietarios de zonas verdes están obrigados a mantelos en bo estado de conservación, sendo pola súa conta os gastos que isto ocasione.

2. Calquera propietario de un inmovible con fachada á rúa con árbores no mesmo, terá a obriga de podalos de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación da vía pública, e impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

3. As árbores e arbustos que integren as zonas verdes, serán podados adecuadamente de forma que non sexa susceptible do ataque de pragas e enfermidades ou un perigo de caída de polas secas.

4. Os regos precisos para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberá realizarse cun criterio de economía de auga, en concordancia co mantemento ecolóxico do sistema que favorece a resistencia das plantas a períodos de seca, empuxes do vento, ataques de criptógamas, etc.

5. A zona verde que posúa recursos propios de auga, será regada con estes recursos sempre que isto sexa posible.

6. As zonas verdes públicas e privadas, deberán ser tratadas para evitar pragas ou enfermidades das plantas. O uso de fitosanitarios deberá rexerse polo Real Decreto 1311/2012 de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios.

7. Para o caso de que unha praga ou enfermidade se declare nas plantacións dunha zona verde, o propietario deberá tratala pola súa conta, no prazo máximo de oito días, debendo en caso necesario, proceder a suprimir ou eliminar estas plantacións de forma inmediata.

8. Os titulares de quioscos, bares, etc, que integren nas súas instalacións algún tipo de plantación, deberán velar polo bo estado das mesmas.

9. Cando na realización das redes de servizo se haxa proceder á apertura de regos en zonas axardinadas xa consolidadas, deberás evitar que estes afecten aos sistemas radiculares dos elementos vexetais existentes, debendo restituír ao finalizar as obras correspondentes, a zona axardinada ao seu estado primitivo, reparando calquera elemento que fora danado.

Artigo 23.- Uso das zonas verdes

1. Todos os cidadáns teñen dereito ao uso e disfrute das zonas verdes públicas de acordo co establecido na presente ordenanza e demais disposicións aplicables.

2. Cando por motivos de interese público se autoricen nestes lugares actos públicos, deberanse tomar as medidas previsoras necesarias para que a maior afluencia de persoas aos mesmos non cause detrimento nas plantas e mobiliario urbano. En todo caso, tales autorizacións deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adoptar as medidas precautorias necesarias.

3. Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas, deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes.

4. En calquera caso deberán atender as indicacións que formulen os Axentes da Policía Municipal e o persoal de Parques e Xardíns.

Artigo 23.- Protección de elementos vexetais

Cando con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes públicas, non se permitirán os seguintes actos:

- a) Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.
- b) Camiñar por zonas axardinadas acoutadas.
- c) Pisar o céspede de carácter ornamental, de sementado recente ou rexeneración, así como introducirse no mesmo e utilízalo para xogar, repousar ou deitarse sobre el.
- d) Cortar flores, poulas ou especies vexetais.
- e) Talar, apear ou podar árbores situados en espazos públicos se a autorización municipal expresa.
- f) Aclarar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrincar as cortizas, cravar puntas, atar aos mesmos, escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, bicicletas, carteis ou calquera outro elemento, gabear ou subir aos mesmos.
- g) Depositar, aínda de forma transitoria, materiais de obra sobre ás árbores, ou verter nelas calquera clase de produtos tóxicos.
- h) Botar en zonas axardinadas lixo, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables ou calquera outro elemento que poida danar as plantacións.
- i) Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados e non sexan instalacións axeitadas para facelo.
- j) Todas as árbores de calquera rúa ou propiedade pública, próximas a unha escavación ou construción de calquera edificio, estrutura ou obra na rúa, deberá defenderse cun só valado de 1,20 m de altura e 2,40 m de lado como mínimo. Todo lixo, escombros, material de construción, etc, deberá quedar fora do valado, deixando exenta a árbore.
- k) Plantar, esparcir ou inxertar especies vexetais nos xardíns, tanto si estas son autóctonas como invasoras, sen autorización municipal.

Artigo 25.- Protección de animais

Para a boa conservación e mantemento das zonas verdes, así como das lagoas, estanques e fontes existentes nos mesmos non se permitirán os seguintes actos, ágas nos cotos de caza e pesca:

1. Cazar calquera tipo de animal, así como escorrentar as pombas, paxaros e calquera outra especie de ave ou animal, perseguilos ou consentir que os persigan cans ou outros animais. Tamén se prohibe causar dano nas zonas de cría ou niñadas destes animais.

2. Pescar, inquietar ou causar dano aos peixes ou rás, así como botar calquera clase de obxectos e desperdicios ás lagoas, estanques, fontes ou ríos.

3. A utilización en tales lugares de utensilios ou armas destinados á caza de aves ou outros animais, como tiradores de goma, cepos, escopetas de aire comprimido, marcadoras de paintball ou airsoft, arcos e ballestas, etc.

Os usuarios das zonas verdes non poderán abandonar nestes lugares especies animais de ningún tipo. Cando polas características e circunstancias de determinados animais sexa aceptable a súa doazón, esta poderá ser autorizada polo Concello.

Artigo 26.- Condución de cans

Os cans deberán ir conducidos por persoas e provistos de correa, salvo nas zonas debidamente acoutadas por eles, circulando polas zonas de paseo dos parques, evitando causar molestias ás persoas, achegarse aos xogos infantís, penetrar no céspede, nos macizos axardinados, nos estanques ou fontes e escorrentar as pombas, paxaros e outras aves.

Os seus condutores coidarán de que se depositen as súas dexeccións nos lugares apropiados e sempre alonxados dos de ubicación de xogos infantís, zonas de nenos, etc.

O propietario do can será responsable do seu comportamento, de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 27.- Protección do medio

A protección da tranquilidade e sosego que integran a propia natureza das zonas verdes, esixe que:

a) A práctica de xogos e deportes se realice nas zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:

1º.- Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas

2º.- Poidan causar danos e deterioro a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos.

3º.- Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación.

4º.- Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública.

b) As actividades publicitarias realízanse coa expresa e previa autorización municipal ou da autoridade competente

c) As actividades industriais restrinxíranse ao máximo, limitándose a venda ambulante de calquera clase de produto, que soamente poderá efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto. A instalación de calquera clase de industrias, comercios, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xeados, etc, requirirá autorización ou concesión administrativa do Concello, cumprindo coa normativa de aplicación. Os concesionarios deberán limitarse á actividade autorizada, sendo responsables das súas limitacións ao incumprimentos.

d) Non sendo nos lugares especialmente habilitados para o efecto non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña e vehículos habilitados para tal fin.

Artigo 28.- Prohibicións

Nas zonas verdes e espazos públicos non se permitirá:

a) Lavar vehículos, roupas ou proceder ao tendido delas e tomar auga das bocas de rego.

b) Efectuar inscricións ou pegar carteis nos valados, soportes de alumado público ou en calquera elemento existente nos parques e xardíns.

c) Instalar calquera tipo de soporte publicitario nos parques. Nas restantes zonas verdes só se autorizarán elementos publicitarios previamente homologados polo concello.

d) Realizar nos seus recintos calquera clase de traballos de reparación de automóviles, albanelería, xardinería, electricidade, etc, e de tratarse de elementos propios do parque ou de instalación de concesionarios, requirirase a perceptiva autorización do Concello.

Artigo 29.- Vehículos nas zonas verdes

a) Bicicletas

Os nenos de hasta dez anos poderán circular en bicicleta polos paseos interiores dos parques, sempre que a escasa influencia do público o permita e non causen molestias aos demais usuarios dos parques e sempre baixo a responsabilidade dos pais ou persoa responsable.

b) Circulación de vehículos

Non poderán circular polos parques salvo:

1º.- Os destinados exclusivamente a Empresas de servizos de quioscos ou instalacións semellantes.

2º.- Os do Concello de Boiro

c) Vehículos de eivados

Poderán circular os que non desenvolvan unha velocidade superior aos 10 Km/h

Queda expresamente prohibida a entrada nos parques dos vehículos non recollidos no artigo anterior

Artigo 30.- Protección do mobiliario urbano

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes, consistentes en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización, farois e elementos decorativos, como adornos estatuas, etc., deberán manterse no máis adecuado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrución serán responsables non soamente do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida.

Así mesmo, serán sancionados os que facendo un uso indebido de tales elementos prexudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares; para este efecto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitacións:

a) Bancos

Non se permitirá o uso inadecuado dos mesmos, arrincar os bancos que estean fixos, trasladar os que non estean fixados ao chan a unha distancia superior aos dous metros, agrupar bancos de forma desordenada, realizar comidas sobre os mesmos de forma que poidan manchar os seus elementos, realizar inscricións ou pintadas sobre eles, e calquera acto contrario á súa normal utilización ou que deteriore á súa conservación.

b) Xogos infantís.

A súa utilización reservase en exclusiva os nenos con idades comprendidas nos sinais para tal efecto establecidas, non permitíndose a utilización dos xogos infantís polos adultos ou polos menores de idade superior á que indique expresamente en cada sector ou xogo, así como tampouco a utilización dos xogos en forma que exista perigo para os seus usuarios, ou en forma que poidan deteriorarse ou romperse.

c) Papeleiras.

Os refugallos ou papeis deberán depositarse nas papeleiras para tal fin establecidas. Os usuarios deberanse abster de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, voltalas e arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir papeis ou outros actos que deteriore a súa presentación.

d) Fontes.

Os usuarios deberán absterse de realizar calquera manipulación na fonte que non sexa propia do seu funcionamento normal, así como a práctica de xogos nas fontes destinadas o consumo de auga potable.

Nas fontes decorativas, chafarices, bocas de rego, etc., non se permitirá beber, utilizar a auga das mesmas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, así como toda manipulación dos seus elementos.

e) Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos.

Nestes elementos de mobiliario urbano non se permitirá subir, abanearse ou facer calquera acto que ensucie, dane ou deteriore aos mesmos.

Título III. De uso e aproveitamento das praias

Estas normas teñen por obxecto, establecer as condicións xerais que deben cumprir as diferentes instalacións así como regular as actividades que se realicen nas nosas praias, co fin de protexer a saúde pública e o medioambiente, así como conseguir unha mellora da imaxe do noso litoral.

Artigo 31.- Ámbito de aplicación

O contido do presente título será de aplicación a todas as praias do municipio de Boiro, así como ás instalacións ou elementos que ocupen ditos espazos, sen menoscabo das competencias de outras Administracións na materia

Artigo 32.- Xestión do servizo de limpeza das praias

A limpeza nas praias do municipio de Boiro, realizarase por xestión directa ou indirecta do Concello, coa frecuencia e horario previstos para a axeitada xestión do servizo.

Artigo 33.- Normas de limpeza

1. Queda prohibido calquera acto que puidese ensuciar as praias, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos, ágas os eventos autorizables consonte o disposto na Ley 22/1988 de Costas e Regulamento de desenvolvemento.

2. O concello, por si mesmo ou a través da empresa encargada do servizo de limpeza de praias, poderá realizar campañas de sensibilidade ambiental e protección do medio ambiente mediante as accións divulgativas que estime oportunas.

Artigo 34.- Residuos

1. Queda prohibido arroxar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar, así como deixar abandonados mobles, carriños, caixas, embalaxes, etc. Igualmente, queda terminantemente prohibido arroxar cabichas dos cigarros na area. Debéndose utilizar as papeleiras ou colectores que para o efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais. Desde o concello realizaranse campañas de concienciación cidadá para evitar estas accións tan prexudiciais para todos.

2. Os colectores e as papeleiras instalados nas praias deben utilizarse correctamente, non podendo verter neles materiais líquidos, materiais perigosos, entullos, madeira, materiais de combustión, animais mortos, mobles ou calquera outro tipo de material ou residuo non adecuado para o seu correcto uso.

3. Desde o Concello realizaranse campañas de concienciación cidadá para evitar estes vertidos. Calquera infracción a este artigo será obxecto da instrución do correspondente procedemento sancionador, quedando ademais o infractor obrigado á recollida dos residuos por el arroxados.

4. Os servizos de tempada e toda ocupación da vía ou espazo público obxecto desta ordenanza deberán aterse aos horarios que estableza o concello de Boiro para depositar os lixos provenientes do desenvolvemento da súa actividade.

5. Co fin de manter a hixiene e salubridade, este Concello adoptará as medidas oportunas de control dos vertidos e dos depósitos de materiais.

Artigo 35.- Condutas de carácter hixiénico-sanitario.

Está prohibido:

- a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia
- b) A utilización de xabón, xel, xampú ou calquera outro produto similar para lavarse no mar.
- c) Facer un uso diferente ao propio dos aseos públicos instalados nas praias, tales como xogar, limpar os utensilios de cociña, etc.
- d) O uso de xabóns, xeles ou deterxentes nas duchas ou fontes instaladas nas praias así como lavar utensilios de cociña.

1. A evacuación dos residuos farase obrigatoriamente no tipo de envases e recipientes normalizados que se establezan.

Quen vulnere esta prohibición, a requirimento verbal dos axentes da autoridade, deberá retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito, conforme se establece nesta ordenanza, sen prexuízo da sanción que lle poida corresponder.

Artigo 36.- Seguridade

Co fin de garantir a seguridade de todas as persoas que estean nas praias e o mantemento e a hixiene destas sen provocar molestias ao resto de usuarios prohíbese:

- a) Realizar lume directamente no chan da praia (areas, pedras e rocas), salvo que sexan autorizados polos organismos competentes naquelas datas de especial significación e consonte a normativa sectorial de aplicación.
- b) Usar bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias
- c) Cociñar na praia

d) Limitar de calquera xeito a visibilidade dos Postos de Salvamento e Socorrismo, circunstancia que se considerará como un entorpecemento do labor deste servizo para os efectos da instrución do expediente sancionador.

Artigo 37.- Da presenza de animais nas praias

Prohibicións da presenza

1. O obxecto deste artigo é o de prever e controlar as molestias e os perigos que os animais poidan causar, tanto nas persoas como ás instalacións. En calquera caso, o propietario, ou o seu acompañante, considérase responsable das actuacións que o animal realice e os prexuízos que ocasione ás persoas, ás cousas, e ao medio en xeral, con relación ao previsto nesta ordenanza e ao establecido nas disposicións vixentes na materia, concretamente na Ordenanza Municipal de animais domésticos do concello de Boiro.

2. Queda prohibida a presenza de animais nas praias conforme o que prevé a Ordenanza municipal de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro do concello de Boiro.

3. As persoas que conduzan cans e outros animais polos arredores das praias deberán impedir que estes ingresen nos areais e realicen ás súas deposicións na praia. En calquera caso, o condutor do animal está obrigado a recoller os excrementos, debendo limpar a parte da vía pública que fose afectada.

4. Excepcións

a. Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen.

b. Permítese a presenza de cans de asistencia (aqueles adestrados para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade, debendo estar debidamente acreditados e identificados) en compañía da persoa á quen sirvan, sen prexuízo da responsabilidade do seu posuidor ou propietario nin das medidas que deba adoptar para evitar molestias ou riscos ao resto das persoas.

Artigo 38.- Da práctica da pesca

Queda prohibida a entrada e saída ao mar dende a praia aos pescadores submarinos co fusil cargado, así como a manipulación en terra desde ou doutros instrumentos de pesca submarina que poidan supoñer un risco para a seguridade das persoas.

Artigo 39.- Circulación de vehículos nas praias

Queda prohibido en toda a extensión da praia o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, de dúas ou mais rodas, por tracción mecánica ou animal, e expresamente as motos ou quads. Exímese da devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados así como os que utilizan as persoas con diversidade funcional e aqueles vehículos que con carácter diario, proceden á limpeza, ao mantemento, tales como tractores e máquinas limpa praias. Todos estes vehículos exentos non poderán quedar estacionados na praia ou na zona de baño, debendo retirarse unha vez terminada a actuación que motivou o seu acceso á praia ou á zona de baño.

Artigo 40.- Acampada na praia

1. Está prohibida durante todo o ano e a calquera hora a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo nas praias, por razón dos espazos de interese natural, paisaxístico ou cultural.

2. Os servizos municipais ou a Policía Local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Unha vez retirados ou depositados os devanditos elementos só poderán ser devoltos aos seus donos cando presenten un xustificante que acredite a súa propiedade. Este feito non exime ao propietario dos efectos de ter que responder ante a instrución dun procedemento sancionador, de ser o caso.

3. Calquera tipo de ocupación da praia, deberá dispor da autorización expresa da autoridade competente.

Artigo 41.- Embarcacións

1. De acordo coa normativa sectorial administrativa en materia de Costas, nas zonas de baño, debidamente balizadas, non estará permitida a navegación deportiva e de recreo así como a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela. O lanzamento ou a varada de embarcacións deberá facerse a través de canles debidamente sinalizadas e a velocidade limitada de tres nós como máximo.

2. Esta prohibición non será de aplicación a aquelas embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para realizar os servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo; así como os barcos marisqueiros que realizan labores de extracción e limpeza das súas concesións. Estas, non deberán superar a velocidade de tres nós,

salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

3. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa.

4. O concello pode establecer zonas de lanzamento, varada ou zonas náuticas, sinalándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou vela deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente.

5. Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán en todo momento cumprir as normas establecidas pola capitánía marítima correspondente, incluíndo as embarcacións de salvamento e rescate, así como calquera embarcación de servizo estatal, autonómico ou local.

Artigo 42.- Ocupación con aparellos de navegación

1. Non se permite a ocupación de espazo público sen autorización, así como o abandono en zona pública de obxectos, artefactos, ou os elementos seguintes: embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, remos e similares. Exceptúanse os que se atopen dedicados a servizos de emerxencia ou servizos públicos.

2. En tales casos a autoridade competente requirirá a retirada dos artefactos ao seu titular, concedéndolle un prazo de 24 horas e indicando a modo de advertencia, no mesmo requirimento, que en caso do seu incumprimento servirá o requirimento de orde de execución da retirada inmediata por incumprimento unha vez transcorridas as 24 horas antes indicadas, efectuándose de forma subsidiaria polo Concello e con repercusión dos custos municipais a cargo do titular, depositándose nun recinto municipal.

3. Caso de ser imposible o requirimento, a pesar de ter identificado ao infractor titular, por non localizalo, procederase de forma cautelar á súa retirada. En caso de non identificar á persoa responsable da titularidade do obxecto, artefacto ou elemento quedará facultado o Concello para retirar, a modo de medida cautelar, os obxectos, artefactos, elementos antes enunciados e serán depositados no recinto municipal habilitado para tales efectos.

Artigo 43.- Da práctica de xogos e deportes na zona de baño

· Actividades

1. O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.

2. O desenvolvemento de actividades, como xogos de pelota, paletas e outros exercicios poderanse realizar sempre que non supoñan unha molestia para o resto das persoas por realizarse a unha distancia prudencial, nunca inferior a oito metros, ou que a dimensión da praia o permita se é maior.

3. Poderán desenvolverse as actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que, con carácter permanente, teña dedicadas o Concello á práctica de deportes, xogos infantís, etc., ou que estean debidamente balizadas ou sexan visibles ao resto de usuarios.

· Deportes acuáticos

1. Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, poderanse habilitar zonas, adecuadamente sinalizadas, para a práctica da actividade deportiva de surf, windsurf, kitesurf ou outros deportes similares co fin de evitar os danos que a súa práctica poden causar ao resto de usuarios. Calquera actividade deportiva que se realice dentro do horario que se estipule, quedará supeditada por motivos de seguridade á ausencia de bañistas nas zonas de auga de baño onde estea practicando a devandita actividade, non podendo realizarse en presenza de bañistas. A fin de evitar os danos que a súa práctica poden causar o resto dos usuarios, tal e como sinala o punto 5 da instrución de servizo 5/1997 da Dirección Xeral da Mariña Mercante a práctica ou instrución de vela ou de outros artefactos flotantes realizarase na medida do posible nun lugar afastado da zona de baño.

Calquera actividade deportiva que se realice, quedará supeditada as normas de seguridade marítima e contará ca debida autorización.

2. Poderanse exceptuar do previsto no apartado anterior os supostos de concursos, podendo autorizarse as prácticas deportivas citadas. Tanto as persoas organizadoras como participantes, deberán respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o Concello. Nestes casos permitidos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

Artigo 44.- Venda ambulante

1. Considerase venda ambulante á realizada en puntos non estables por vendedores habituais ou ocasionais

2. Prohíbese a venda ambulante daqueles produtos cuxa normativa específica así o estableza e todos aqueles carentes de unha autorización municipal específica. En particular, bebidas e produtos alimenticios en xeral.

3. A autorización municipal para a venda especificará o tipo de produtos que poidan ser obxecto de venda, así como o lugar ou os lugares precisos onde deba exercerse e as datas e o horario en que se poderá levar a cabo.

4. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán requisar a mercadoría a aquelas persoas non autorizadas que realicen a venda de calquera tipo de mercadorías na praia. Unha vez retirada, esta só poderá ser devolta cando se presente un xustificante que acredite a súa propiedade. Todo iso sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador ou responsabilidades que correspondan ao autor da venda.

Artigo 45.- Vixilancia , Salvamento e Socorrismo

Protección dos bañistas

1. Co fin da prevención en materia de seguridade e salvamento, no seu caso, das vidas humanas, as praias disporán durante a tempada de baño de servizos de salvamento e socorrismo. Os servizos de salvamento e socorrismo atenderán os postos de salvamento existentes nas praias exclusivamente durante o horario que determine o Concello e que figure exposto nos carteis indicadores situados nestes postos.

2. Nas praias deberá haber un Servizo de Salvamento formado por un conxunto de medios humanos e materiais que posibiliten adoptar unha serie de medidas organizativas, de planificación e de seguridade e protección.

3. As funcións do Servizo de Salvamento circunscribíense ás zonas balizadas para o baño nas que se indique a súa existencia, ou as sinalizadas mediante bandeiras preventivas e concretamente ás seguintes:

a) Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación do contorno ambiental dentro do horario que se faga público para as persoas.

b) Garantir a primeira atención sanitaria.

c) A procura de persoas desaparecidas

d) A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar

e) Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, á vixilancia, ao salvamento, ao socorro e ao transporte de accidentados.

f) Informar aos usuarios das embarcacións con motor e aos que practiquen deportes náuticos das prohibicións ou limitacións da súa práctica.

g) Manter a zona destinada ao baño despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para os bañistas. Inclúe esta previsión a vixilancia da zona de areal para a constatación de que se atopa en perfectas condicións, despexada de animais e obxectos perigosos, tendo os traballadores do Servizo que retiralos, ou no seu defecto de ser imposible esta acción, cursar aviso ao seu responsable.

h) Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.

i) Poñer en coñecemento da Policía Local ou do órgano municipal competente a comisión de infraccións ao previsto na presente ordenanza para os efectos da incoación do procedemento sancionador correspondente.

j) En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa para os usuarios.

4. Corresponde tamén ao Servizo de Salvamento e socorrismo as actuacións de emerxencia fóra das praias, como zonas de acantilado onde se atope unha persoa en situación de risco, podendo ser encomendadas estas actuacións pola autoridade xudicial.

Das obrigas dos bañistas e das persoas usuarias das praias

1. O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poida realizar o Servizo de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes. En todo caso non poderán afastarse en máis de 25 metros do borde do mar das praias, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.

2. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para o Servizo de Salvamento e Socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

3. Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións dos servizos e fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

4. Recoméndase ás persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade para as que o baño poida constituír algún risco que poñan esta circunstancia en coñecemento do Servizo de Salvamento e socorrismo para os efectos de

que adopte, no seu caso, as medidas pertinentes, que poden consistir en demorar o baño ou facelo cos elementos que eles consideren oportuno. A mesma regra serve para o suposto de baño dun conxunto de persoas que formen unha excursión, podendo ser os seus integrantes menores de idade ou non, xa que o baño colectivo pode implicar riscos que debe valorar con carácter previo o servizo de Salvamento e Socorrismo.

5. Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella. Quen vulnere a prohibición

Título IV. Réxime Sancionador.

Artigo 46.- Réxime sancionador.

1. As sancións por infracción das normas contidas na presente ordenanza aplicaranse de conformidade cos principios recollidos en la Lei 30/1992, de 26 de Novembro de réxime xurídico de las administracións públicas y procedemento administrativo común, y segundo disposto en el título XI de la Lei 7/1985, reguladora de las bases de réxime local.

2. As infraccións contra a presente ordenanza se clasificarán en moi graves, graves y leves. As infraccións anteriores se sancionarán con arreglo ó seguinte baremo:

- a) Infraccións moi graves, multa de 1.501 hasta 3.000 euros.
- b) Infraccións graves, multa de 751 hasta 1.500 euros.
- c) Infraccións leves, multa de 200 hasta 750 euros.

Constitúen infraccións leves:

- a) A vulneración das prohibicións enumeradas no artigo 6 e 7.
- b) Non respectar as normas de carga e descarga de vehículos que poidan enlizar as vías públicas.
- c) Non manter limpas e exentas de materiais residuais as superficies inmediatas a foxos, canalizacións e conexións realizadas nas vías públicas así como a non protección das terras extraídas.
- d) Incumprir os horarios de limpeza de escaparates e non adoptar as medidas que eviten a sucidade na vía pública.
- e) Non respectar as normas de uso das vías pública para actividades hostaleiras do artigo 13.
- f) Satisfacer necesidades fisiolóxicas en calquera dos espazos públicos
- g) Non manter as condicións de debido ornato das edificacións
- h) Botar os residuos da limpeza dos locais, portais ou edificios ás beirarrúas ou á calzada os restos que barran
- i) Depositar en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros calquera produto resultante da limpeza urbana
- j) O non cumprimento das normas para uso das vías públicas en operacións publicitarias segundo os artigos 17 e 18.
- k) Deixar publicidade (panfletos, etc) nos limpa para brisas de vehículos estacionados na vía pública
- l) A vulneración das prohibicións enumeradas no artigo 23 correspondentes á protección de elementos vexetais.
- m) Nas zonas verdes ou abandonar nas mesmas especies animais de calquera tipo.
- n) Non respectar as normas contempladas para a conducción de cans
- o) Practicar xogos e deportes en sitios e forma inadecuados
- p) Usar indebidamente o mobiliario urbano
- q) As prohibicións de uso das zonas verdes reflexadas no artigo 28, ágas que sexa considerada falta moi grave
- r) A realización de actividades como xogos de pelota, paletas ou outros exercicios, na superficie da area e nas zonas e augas de baño, que poidan molestar a outras persoas
- s) O uso de aparellos sonoros ou instrumentos musicais cando polo seu volume de sonoridade causen molestias aos demais usuarios das praias.
- t) O uso indebido de auga das duchas e lavapés así como lavarse no mar ou na praia utilizando xabón ou calquera outro produto de aseo corporal
- u) A venda ambulante sen autorización expresa, salvo que por normativa específica se corresponda outro tipo de sanción.
- v) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
- w) A presenza de animais nas praias durante a tempada de baño.
- x) Instalar tendas de campaña en lugares onde non estea permitido.

y) As accións ou omisións contrarias ao establecido nesta Ordenanza e que non foran tipificadas nos artigos anteriores como infraccións graves ou moi graves.

Constitúen infraccións graves:

a) A comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano cando se sancionou a primeira delas por resolución asine en vía administrativa

b) Cambiar aceite e outros líquidos aos vehículos na vía e espazos públicos.

c) Prender lume en lugares que non estean expresamente autorizados.

d) Toda manipulación realizada sobre árbores e plantas.

e) O baño cando estea izada a bandeira vermella.

f) O depósito en papeleiras e similares de materiais en combustión por parte dos usuarios das praias.

g) A dificultade, de xeito intencionado, das funcións do servizo público de salvamento recollidas no artigo de vixilancia, salvamento e socorrismo.

h) O uso de vehículos na praia que non contén con autorización.

i) A práctica de surf, windsurf, kitsurf e outros deportes similares incumprindo as normas establecidas na presente ordenanza e a varada ou permanencia de embarcacións, táboas de surf, windsurf, kitesurf, hidropedais, motos acuáticas, etc, fóra das zonas sinaladas e destinadas para tal fin.

Constitúen infraccións moi graves:

a) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

b) Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

c) A comisión de dúas faltas graves no prazo dun ano cando se sancionou a primeira delas por resolución asine en vía administrativa

Artigo 47.- Criterios de graduación de la sanción.

Para a determinación das sancións previstas nesta ordenanza débese ter en conta o principio de proporcionalidade e, en todo caso, os seguintes criterios de graduación:

a) a intensidade da perturbación causada no exercicio tranquilo ou pacífico dos dereitos doutras persoas ou actividades.

b) a intensidade dos disturbios causados á saúde pública ou adorno.

c) a intensidade da perturbación causada pola utilización dun servizo ou un espazo público por aqueles con dereito a usalos.

d) a intensidade da perturbación causada no funcionamento dun servizo público.

e) a intensidade dos danos aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.

Artigo 48.- Substitución de multas e reparación de danos por traballos en beneficio da comunidade.

1. O Concello poderá substituír a sanción de multa por a realización de traballos en beneficio da comunidade.

2. A decisión de substitución da sanción pola realización de traballos en beneficio da comunidade será adoptada polo Concello co consentimento previo do interesado como alternativa ás sancións de orde pecuniario, salvo que a lei impuxese o seu carácter obrigatorio.

Artigo 49.- Procedemento para a suspensión e substitución de sancións.

1) A autoridade competente incoa o expediente sancionador e resolver os casos de suspensión das sancións. A decisión do remate da suspensión debe partir da mesma autoridade que impuxo a sanción.

2) O procedemento iníciase cando o infractor, mediante solicitude por escrito, manifieste a súa vontade de realizar traballo ou actividades que benefician a comunidade.

3) Se a substitución se resolve favorablemente pola autoridade competente, será automaticamente suspendido o prazo de prescrición da pena

4) Durante o tempo de suspensión, a autoridade competente poderá facer o seguimento pertinente a atención e rendemento en tales tarefas.

Artigo50.- Rebaixa das sancións por pago inmediato.

1. As persoas denunciadas poden asumir a súa responsabilidade mediante o pagamento das sancións de multa, cunha redución da sanción ao seu importe mínimo se o pagamento se fai efectivo antes do inicio do procedemento sancionador.

2. O pagamento do importe da sanción de multa implicará a terminación do procedemento, sen prexuízo de presentar os recursos procedentes.

3. O Concello implantará un sistema de cobramento anticipado e inmediato de multas e medidas provisionais coas rebaixas pertinentes a través dun sistema automatizado ou de dispositivos específicos, sen prexuízo dos cales, en todo caso, o pagamento poida facerse efectivo a través das entidades financeiras previamente concertadas.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta Ordenanza entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P) e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Boiro, 11 de setembro de 2013

O alcalde-Presidente

Juan José Dieste Ortigueira

2013/11485